

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 1.927,65 METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO AO EMISARIO SUBMARINO PARA EVACUACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DO COMPLEXO INDUSTRIAL DE ALCOA EN SAN CIBRAO, NO TERMO MUNICIPAL DE CERVO (LUGO)

Expediente: CNC10/24/27/0001

Logo de examinar a solicitude de concesión administrativa de ocupación de mil novecentos vinte e sete con trinta e cinco metros cadrados (1.927,65 m²) de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con destino ao emisario submarino para evacuación das augas residuais procedentes do complexo industrial de Alcoa en San Cibrao, no termo municipal de Cervo (Lugo), figuran no Servizo do Litoral de Lugo os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. O 01.07.2025 recíbese da Demarcación de Costas de Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a documentación relativa ao expediente de referencia, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Alúmina Española S.A.
Data da solicitude:	20 de outubro de 2023
Obxecto:	Emisario submarino para evacuación das augas residuais do complexo industrial de Alcoa
Situación:	San Cibrao (Cervo)
Superficie:	1.927,65 m ²

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



2. Por Orde Ministerial do 16 de abril de 1980 outorgouse a Alúmina Española S.A. a concesión de ocupación de DPMT con destino a emisario submarino para evacuación das augas residuais procedentes do complexo industrial Alúmina-Aluminio en San Ciprián, no termo municipal de Cervo.

3. O 18.04.2018 tivo entrada no Servizo Provincial de Costas en Lugo, a solicitude de prórroga extraordinaria da concesión outorgada por Orde Ministerial do 16 de abril de 1980.

Durante a tramitación da prórroga, constátase a existencia de dous emisarios situados de xeito case paralelo, estando o outorgado pola Orde Ministerial do 16 de abril de 1980 sen uso.

4. Por Orde Ministerial do 13 de outubro de 2023, notificada o 19.10.2023, denegouse a solicitude de prórroga con base no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, da concesión outorgada por Orde Ministerial do 16 de abril de 1980. Entre as consideracións incluíase:

"2) Teniendo en cuenta lo anterior y, una vez analizada la información obrante en el expediente, se considera que las alegaciones presentadas deben ser desestimadas, ya que de acuerdo con la condición 12ª de las condiciones y prescripciones por las que se autorizaba la instalación de un emisario submarino al complejo industrial Alúmina-Aluminio "La falta de utilización, durante un período de un año, de las obras y bienes de dominio público otorgados, será motivo de caducidad de la autorización, a no ser que obedezca a justa causa".

Procediendo por tanto la denegación de la prórroga, quedando por tanto la concesión extinguida por vencimiento de plazo.

3) Con respecto al emisario existente, corresponderá su levantamiento y retirada del dominio público marítimo-terrestre salvo que en el plazo máximo de tres (3) meses Alúmina Española S.A. presente nueva solicitud de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino a la legalización de dichas instalaciones."

5. O 20.10.2023 o peticionario, en cumprimento da consideración 3 da Orde Ministerial do 13 de outubro de 2023, dirixe a súa solicitude de concesión do emisario existente á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.




6. Tras as respectivas comprobacións realizadas, o Servizo Provincial de Costas en Lugo, mediante oficio do 19.04.2024 deu traslado á Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre da documentación inicialmente achegada polo peticionario, do informe do 27.03.2024 de Augas de Galicia indicando "(...) A fecha de hoy no consta en esta Área de Vertidos que se esté tramitando, por parte de la Dirección General de Calidad Ambiental, Sostenibilidad y Cambio Climático, ningún procedimiento de modificación de la autorización ambiental integrada" e do informe do 09.04.2024 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental: "Como contestación al escrito que nos remitieron el 25.03.2024 es necesario informarle de que la autorización de vertido al mar de Alúmina española, SA está amparada por la autorización ambiental integrada y que no procede tramitar una nueva autorización".

Tamén se inclúe entre a documentación achegada, a Resolución do 4 de outubro de 2022 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se modifica a Autorización Ambiental Integrada Núm. 2020-IPPC-110-331.

7. De acordo co proxecto as-built do "Emisario submarino de las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)" que se atopa en funcionamento, subscrito en setembro de 2018 polo enxeñeiro D. Manuel Quintana López, a superficie de ocupación do DPMT é dun total de 1.927,65 m², cunha lonxitude total de emisario de 1.086 m.

8. As obras obxecto da solicitude de concesión consisten nunha condución do



emisario submarino, formado por unha condución de Fundición Dúctil de DN600 mm, dimensionada para un caudal máximo de vertedura de 500 m³/h.



Extracto do plano N° 1. "OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE" do proxecto as-built do emisario submarino de Alcoa en San Ciprián (Lugo)"

O tramo submarino do emisario instálase fondeado tras os traballos de dragaxe do fondo mariño e observándose dous tramos diferenciados segundo a tipoloxía da ancoraxe realizada á condución de vertedura. O primeiro tramo, cunha lonxitude duns 496 m e no que a condución se atopa formigonada na súa totalidade apoiada sobre unha gabia practicada na rocha do fondo mariño, segundo os planos de detalle do emisario, e un segundo tramo de 519 m nos que a condución se ancora mediante o emprego de lastres.

Cabe mencionar que no tramo final deste segundo tramo localízase o tramo difusor, dunha lonxitude aproximada de 144 m, situándose a parte final do emisario submarino á cota -15,75. As coordenadas do punto final do emisario submarino segundo o sistema de coordenadas ETRS-89 son X=624541.3066; Y=4840712.2049 (coordenadas da autorización de vertedura).

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Tras a solicitude de concesión administrativa de ocupación de mil novecentos vinte e sete con trinta e cinco metros cadrados (1.927,65 m²) de DPMT para emisario submarino para evacuación das augas residuais procedentes do complexo industrial de Alcoa en San Cibrao, presentada por Alúmina Española S.A. en data 20.10.2023 ante a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia; e con data de rexistro de entrada no Servicio Provincial de Costas en Lugo do 29.05.2024, procedeuse á tramitación da nova solicitude de concesión para o emisario do asunto.

2. O 21.06.2024 realízase a confrontación do proxecto sobre o terreo, a fin de determinar a súa adecuación os mesmo, así como a súa viabilidade, de conformidade co artigo 152.4 do RXC. Consta no expediente a acta e o plano de confrontación.

3. O expediente foi sometido a información pública mediante a publicación do anuncio do 11 de xullo de 2024 no Boletín Oficial do Estado núm. 171, do 16 de xullo de 2024, por un prazo de 20 días, de conformidade co artigo 152.8 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

Segundo consta no informe do xefe do Servizo Provincial de Costas en Lugo do 24.09.2024 presentáronse 213 alegacións, que consisten, de xeito resumido, en:





- Alegación primeira, Alcoa dispón de dous emisarios submarinos e que a autorización supostamente en vigor baséase nun proxecto de 1979 segundo o proxecto de setembro de 2018.
- Alegación segunda, está a realizarse unha afectación severa a especies e espazos protexidos e non se dispón dunha avaliación do impacto ambiental das verteduras.
- Alegación terceira, está a producirse unha afección severa aos núcleos de poboación e á saúde das familias.
- Alegación cuarta, existencia de contaminación na contorna da industria de Alcoa, un pasivo ambiental inasumible.
- Adicionalmente, no seu escrito de alegacións a Federación Ecoloxistas en Acción Galicia considera que o proxecto e as verteduras deben ser obxecto de avaliación ambiental.

No trámite de información oficial, mediante oficios do 10.07.2024, solicitáronse, de conformidade co artigo 152.6 do RXC, informes aos seguintes organismos públicos, producíndose o seguinte resultado:

- Mediante Oficio do 26.07.2024, Capitanía Marítima de Burela indica: *"(...) A la finalización de los trabajos se informará de ello a la dirección de la Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao, y a su servicio de practica, al Centro de Coordinación de Salvamento de Finisterre y al Instituto Hidrográfico de la Marina para cancelación de los radioavisos y Avisos de los Navegante emitidos, y se remitirá al Instituto Hidrográfico de la Marina un plano, con coordenadas geográficas, en el que se contemplen las variaciones causadas y donde se contemple la disposición final del emisario, para que se efectúen las correcciones de las correspondientes cartas náuticas que sean oportunas."*
- O Concello de Cervo non informou.
- O Servizo de Patrimonio Natural da Dirección Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta, no seu informe do 07.08.2024, indica que non é competente para emitir informe e dá traslado da solicitude e a documentación recibida á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Tras o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral o 01.07.2025, o Servizo do Litoral de Lugo reiterou a solicitude de informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural mediante oficio do 18.11.2025. Consta no expediente a recepción no Servizo do Litoral de Lugo



do informe favorable, emitido o 28.01.2026 polo Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

- O Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático non informou.
- Con data do 24.07.2024 recíbese no Servizo Provincial de Costas en Lugo informe favorable sen condicións da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta.

As condicións e prescricións fixadas nos anteditos informes de organismos públicos inclúense nas "CONDICIÓNES PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓN", anexas a esta resolución.

4. Mediante oficio da Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre do 14.10.2024, indicouse ao Servizo Provincial de Costas que dese traslado á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia, como órgano correspondente para a tramitación da Autorización Ambiental Integrada, para que dese resposta ás alegacións presentadas no ámbito das súas competencias.

5. O 03.12.2024 recíbese un primeiro informe (BIO24/270) de afeccións aos espazos de Rede Natura 2000 emitido pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña, que solicita a revisión e achega de diversa documentación por parte do promotor, indicando nas súas conclusións: *"A la vista de la documentación e información disponible, se considera que la documentación e información disponibles no son suficientes para poder descartar una afección negativa significativa del sobre los valores naturales de la ZEPA ES0000554 'Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental' y del medio marino."*

6. O 05.02.2025, o Servizo Provincial de Costas en Lugo dá traslado á Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre das respostas ás alegacións expostas durante o trámite de información pública e que son obxecto das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia, relativas á Autorización Ambiental Integrada:

"ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS

Logo de revisar as alegacións achegadas por ese servizo, constatamos a identidade de obxecto de todas elas en relación aos seguintes aspectos:

1.- Alcoa dispón de dous emisarios submarinos e a autorización presuntamente en vigor baséase nun proxecto de 1979,





2.- Non existe unha avaliación do impacto ambiental dos vertidos que se realizan ao mar desde os ditos emisarios.

3.- Existen severas afeccións ambientais derivadas do proxecto industrial: a hábitats protexidos pola normativa ambiental europea, a especies en perigo de extinción; á Rede Natura 2000 e á coherencia coa mesma; a espazos mariños protexidos e a especies; ao litoral.

4.- Prodúcese unha afectación severa aos núcleos de poboación e á saúde das familias.

5.- Existe contaminación na contorna da industria de Alcoa, un pasivo ambiental non asumible.

Adicionalmente, no seu escrito de alegacións a Federación Ecoloxistas en Acción Galiza considera que o proxecto debe ser obxecto de avaliación ambiental.

CONTESTACIÓN

1.- Sobre a alegación descrita no punto 1 do apartado anterior, cómpre dicir que a resposta non lle corresponde á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, ao non ser o órgano competente para o outorgamento das concesións para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

2.- En relación coa alegación do punto 2, é preciso indicar que, segundo a información que consta no expediente da autorización ambiental integrada, a incidencia do vertido no medio receptor foi obxecto de estudo por parte de Augas de Galicia, órgano competente por razón da materia, para o outorgamento e posterior revisión da dita autorización.

No seu informe, ese organismo conclúe que, cunha correcta xestión dos procesos que se teñen previsto e unha vez aplicadas as medidas propostas, os vertidos non deberían causar afección incompatible co mantemento das condicións e uso do medio receptor.

Adicionalmente, a autorización ambiental integrada tamén establece as características que debe ter o efluente para poder verterse, estando estas condicionadas ao mantemento da calidade das augas. Tamén se impón un plan de vixilancia e seguimento ambiental que comprende, ademais do control do vertido, a avaliación da calidade do medio receptor.

Polo tanto, pode concluírse, por unha parte, que si se realizou unha avaliación do vertido con carácter previa á súa autorización; por outra, que existen un control e unha supervisión activos en relación co dito vertido.

3.- As alegacións recollidas nos puntos 3, 4 e 5 refírense ao impacto ambiental do depósito de lodos vermellos asociado á industria. O dito depósito non é



obxecto deste procedemento de solicitude nin a súa autorización é competencia da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

4.- Por último, en relación coa alegación da Federación Ecoloxistas en Acción Galiza sobre a ausencia dun trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto que se atopa en tramitación, cómpre indicar que non lle corresponde á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, senón ao órgano substantivo (neste caso, a Dirección General de la Costa y el Mar) avaliar ese aspecto e, no seu caso, darlle resposta á dita alegación."

7. O 04.03.2025 recíbese na Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre un novo informe de afeccións (BIO24/270.2) aos espazos de Rede Natura 2000, emitido pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña o 03.03.2025, no que se indica o seguinte:

"(...) En vista de la información expuesta por el promotor durante dicha reunión, la SGBTM emite el presente informe en el que manifiesta una modificación en sus conclusiones relativas al proyecto con respecto a lo expuesto en su anterior informe de afección (BIO/24/270), quedado por lo tanto invalidadas las conclusiones manifestadas en dicho informe. Para otras cuestiones relacionadas con la evaluación del proyecto realizada por la SGBTM, se recomienda al interesado acudir al informe con referencia BIO/24/270.

Conclusiones

Tras el análisis de la información trasladada por el promotor, la SGBTM considera que el emisario submarino para la evacuación de aguas residuales industriales del complejo industrial de Alcoa en el T.M. de San Ciprián no tendrá una afección significativa sobre los valores naturales de la ZEPA ES0000554 'Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental', siempre y cuando se cumplan las siguientes condiciones: (...)"

As condicións e prescricións fixadas neste informe inclúense entre as "CONDICIÓN PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓN", anexas a esta resolución.

8. O 28.03.2025 a Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre da traslado do informe citado no punto anterior ao Servicio Provincial de Costas en Lugo, para que lle de traslado ao peticionario.

Ademais, no mesmo oficio, indica que deberá reiterar a solicitude de informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, con base nas súas competencias como órgano xestor do espazo Rede Natura 2000 *ES0000372 Costa da Mariña occidental*. Por último, tamén indica que deberá reiterar a solicitude de pronunciamento á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia, como



órgano competente a efectos da Autorización Ambiental Integrada, en relación ao escrito de resposta deste ás alegacións achegadas na tramitación desta concesión.

9. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, no seu informe do 29.04.2025 indica o seguinte:

"A planta de Alúmina Española, SA iniciou a súa actividade en 1980, data anterior á incorporación da normativa española de avaliación de impacto ambiental para proxectos e actividades específicas (1986).

A autorización ambiental integrada para a dita instalación, que integra a autorización de vertido, outorgouse no ano 2008. O procedemento de outorgamento non incluíu a declaración de impacto ambiental porque este trámite non aplica ás actividades xa existentes.

A autorización ambiental vixente data do ano 2020, cando foi revisada para adaptala aos documentos de conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles para as industrias de metais non ferrosos e para as grandes instalacións de combustión. Este procedemento efectuouse conforme á normativa de aplicación (o Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación), a cal non considera o trámite da declaración de impacto ambiental.

De acordo coa documentación presentada, a necesidade dunha nova concesión deriva do feito de que o emisario polo que se está efectuando o vertido non coincide co emisario que ostenta o título inicial da concesión de ocupación, que está en desuso. Trátase dun emisario que discorre en paralelo, separado por unha distancia mínima e de características idénticas

Polo tanto, enténdese que non hai variación nas características do vertido respecto do xa autorizado e que non procede efectuar ningún trámite novo, tendo pleno efecto a autorización ambiental integrada actualmente vixente."

10. De acordo co artigo 3 do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, *"O traspaso será efectivo a partir da data sinalada no Acordo da Comisión Mixta."* O devandito acordo establece que o traspaso de funcións e servizos obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 01.07.2025.

11. O 18.11.2025 o Servizo do Litoral de Lugo remitiu á Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña a documentación achegada por Alúmina



Española S.A. en contestación ao informe BIO/24/270.2, emitido por esa Subdirección Xeral o 03.03.2025, requirindo a achega de diversa documentación.

12. O 09.12.2025 tivo entrada no rexistro electrónico do Servizo do Litoral de Lugo o informe BIO/24/270.3, emitido pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña o 05.12.2025, de acordo con toda a documentación aportada polo peticionario. Nas súas conclusións indica que *"el promotor ha cumplido satisfactoriamente con los requisitos de información planteados en los informes previos emitidos por esta Unidad y relacionados directa o indirectamente con el vertido del emisario submarino del complejo industrial de Alcoa (ref. BIO/25/16, BIO/25/16.2, BIO/25/16.3, BIO/24/270 y BIO/24/270.2). No obstante, se recuerda al promotor la necesidad de dar cumplimiento al resto de requerimientos planteados en los informes BIO/25/16 y BIO/24/270.2."*

Os requirimentos que establece o informe BIO/24/270.2, citado na transcripción do parágrafo anterior, inclúense nas "CONDICIÓNNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNNS" anexas a esta resolución.

O informe con referencia BIO/25/016, emitido pola Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña o 03.03.2025, é relativo ao proxecto de recrecido do depósito de barros vermellos do complexo industrial de Alcoa, que non é obxecto deste expediente.

13. O 28.01.2026 tivo entrada no rexistro electrónico do Servizo do Litoral de Lugo o informe favorable emitido polo Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia; despois da reiteración da solicitude de informe feita por este servizo en data 18.11.2025. O informe indica nas súas conclusións o seguinte:

"A la vista de los antecedentes y del análisis de la documentación no se prevén efectos significativos adicionales, siendo compatible con la preservación del patrimonio natural y la biodiversidad, siempre y cuando se garantice el cumplimiento de lo establecido en la documentación presentada, especialmente un efectivo tratamiento de los residuos, vertidos y emisiones, con la interposición de los medios necesarios y los oportunos mecanismos de control y vigilancia.

El presente informe se emite sobre la documentación aportada y sin perjuicio de otras comunicaciones, autorizaciones y/o informes precisos debiendo cumplir lo establecido en el resto de la legislación que le sea de aplicación. Cualquier modificación del proyecto que tenga alguna afección sobre el medio natural, requerirá su informe/autorización correspondiente."



14. O 27.02.2026, de conformidade co previsto no artigo 152.6 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, o Servizo do Litoral de Lugo solicitou ao Servizo Provincial de Costas en Lugo, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a emisión do informe previsto nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas, así como para que emita, no prazo máximo de dous meses, o seu criterio en relación coa garantía da integridade física e do uso público do DPMT, no marco do disposto polo Real decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

15. O 22.04.2026 tivo entrada no rexistro electrónico do Servizo do Litoral de Lugo o informe favorable emitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre en data 22.04.2026. Neste informe establécese o importe anual do canon de ocupación de DPMT, así como unha unha serie de condicións que se inclúen nas "CONDICIÓNES PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNES" anexas a esta resolución.

16. O 29.06.2026 o Servizo do Litoral de Lugo deu traslado da proposta de resolución e sometemento para a aceptación das condicións da concesión a Alúmina Española S.A, quen presentou a súa aceptación o 09.07.2026.

17. Logo de detectar un erro material na proposta, unha vez emendado, o Servizo do Litoral de Lugo volveu trasladar a proposta de resolución e sometemento para a aceptación das condicións da concesión a Alúmina Española S.A. o 10.07.2026, quen presentou a súa aceptación o 13.07.2026.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. Necesidade da ocupación

O proxecto solicitado localízase sobre terreos de DPMT, conforme ao expediente de deslinde DL-37-LU, aprobado por Orde Ministerial do 30.01.1998 e modificado parcialmente por Orde Ministerial do 18.12.2018.

Tal e como se detallou no apartado I.2. desta proposta, o obxectivo é regularizar as obras incluídas no proxecto as-built "Emisario submarino de las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)", subscrito en setembro de 2018 polo enxeñeiro Manuel Quintana López.

O emisario submarino de Alcoa forma parte do proxecto "Emisario submarino de



las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)” e, polo tanto, atópase entre as actividades ás que se refire o artigo 61 do RXC, dado que, polas súas características, require a ocupación do DPMT. Así as cousas, a actuación solicitada é compatible coa LC e co RXC, en base aos artigos 32 e 58 da LC e aos artigos 61 e 117 do RXC.

2. Danos posibles ao DPMT

A actuación, en concreto a condución de desaugadoiro, coincide coa zona de especial protección para as aves (ZEPA) ES0000554 “Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental”, espazo protexido da Rede Natura 2000 de xestión estatal, así como con fondos mariños asociados ao tipo de hábitat de interese comunitario (THIC) 1170 Arrecifes incluído no Anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE). Por este motivo, consta no expediente informe da Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación, tal e como se recolle no apartado II deste informe.

O informe BIO/24/270.3, emitido en data 05.12.2025 conclúe o seguinte:

“La SGBTM considera que el estudio de repercusiones sobre la ZEPA ES0000554 aportado por el promotor justifica adecuadamente que el vertido en curso no compromete la conservación de los valores naturales presentes en la ZEPA ES0000554. Asimismo, se reconoce la calidad y el empeño de los estudios realizados, cuya exhaustividad y solidez técnica aportan garantías sobre la viabilidad ambiental del vertido. La información obtenida en este contexto también ha sido relevante para diseñar un nuevo PVA en el que tuvieran cabida indicadores relevantes para el seguimiento del estado de conservación de los valores naturales de la ZEPA adyacentes al punto de vertido, de los cuales podrían depender diversas aves marinas objeto de conservación del espacio.

En consecuencia, la SGBTM considera que el promotor ha cumplido satisfactoriamente con los requisitos de información planteados en los informes previos emitidos por esta Unidad y relacionados directa o indirectamente con el vertido del emisario submarino del complejo industrial de Alcoa (ref. BIO/25/16, BIO/25/16.2, BIO/25/16.3, BIO/24/270 y BIO/24/270.2). No obstante, se recuerda al promotor la necesidad de dar cumplimiento al resto de requerimientos planteados en los informes BIO/25/16 y BIO/24/270.2.

Todas las comunicaciones, gestiones o remisión de documentación relacionada con este informe deberán ser remitidas a través de registro a la SGBTM, indicando el número de referencia del expediente (BIO/24/270.3), para garantizar la trazabilidad y gestión eficiente de la información.”

Os requirimentos que establece o informe BIO/24/270.2, citado na transcripción dos



parágrafos superiores, inclúense nas “CONDICIÓNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNS” anexas a esta resolución.

3. Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

De conformidade co artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño: “A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente”.

Dada a natureza da actuación solicitada, ao tratarse dunha regularización do emisario xa existente, a Subdirección Xeral para a Protección do Mar interpreta que non procede a emisión do informe de compatibilidade, xa que non ten cabida no Real Decreto 79/2019, de 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade. O dito informe sería de aplicación no caso de obras novas, ou de modificacións, renovacións ou prórrogas da concesión, de conformidade co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 79/2019.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO CONCESIONAL E DO CANON

1. Proponse para esta ocupación un prazo concesional de quince (15) anos, prorrogable por prazos de igual ou de inferior duración, ata un prazo máximo de trinta (30) anos, de acordo co establecido nos artigos 117.1.a) e 135 do RXC, sempre que permanezan as razóns de interese público que motivaron o seu outorgamento. O prazo comezará a contar o día seguinte á notificación ao concesionario da resolución de outorgamento.

2. De conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

De acordo co informe emitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre en data 22.04.2026 o canon a aboar polo solicitante será:





"A -Componente del canon por ocupación del dominio público marítimo-terrestre:

Superficie de ocupación del tramo terrestre

- Ocupación de terrenos en ribera de mar y en ZMT

Valor catastral del suelo: (se considera el valor catastral medio de las parcelas con referencia catastral: 6687799PJ2368N0001PU; 3791016PJ2339S0001UB; 4589030PJ2348N0001ZX; 4885003PJ2348N0001XX próxima a la ubicación de las instalaciones) 2,84 €/m².

Componente ocupación terrenos en ribera de mar y en ZMT = 1.927,65 m² x 2,84 €/m² x 0,08 = 437,60 €/año

B- Componente del canon por beneficios:

Presupuesto material de ejecución (PEM) del proyecto de enero de 2023: 1.331.835,05 €

Actualización a febrero de 2026 (8,3%) = 1.442.377,36 €

20% PEM = 0,20 x 1.442.377,36 € = 288.475,47 €

*Componente por beneficios = 288.475,47 € x 0,08 = **23.078,04 €/año***

C- Canon:

*Canon unitario = (437,60 + 23.078,04) / 1.927,65 m² = **12,20 €/m² y año***

*Canon total anual = 12,20 €/m² x 1.927,65 m² = **23.515,64 €"***

V. FUNDAMENTOS DE DEREITO

III.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a



xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

III.2. Marco xurídico

1. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), desenvolvido polo artigo 61 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización.

2. O artigo 31.2 da LC, desenvolvido polo artigo 60 do RXC, sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con suxeición ao previsto na LC, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

3. O artigo 64 da LC, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do RXC suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables. Neste caso se trata da instalación de elementos non



desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

4. De acordo co artigo 117.1.a do RXC para as autorizacións de vertido o prazo máximo de vencemento queda limitado a trinta (30) anos. O prazo polo que se outorga a concesión é de quince (15) anos, prorrogable por prazos de igual ou de inferior duración, ata un prazo máximo de trinta (30) anos, se persisten as condicións de interese público que motivaron o outorgamento.

5. En atención ao sinalado no artigo 36 da LC, nas condicións incorporadas a esta proposta, inclúense todas aquelas medidas correctoras dirixidas a minimizar os posibles danos e prexuízos sobre o DPMT.

6. De acordo co disposto no artigo 42 da LC, para resolver sobre a ocupación ou utilización do DPMT achegarase o proxecto básico no que se fixarán as características das instalacións e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar e as demais especificacións que se determinen regulamentariamente. A este respecto, o solicitante achegou o proxecto "Emisario submarino de las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)".

7. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

8. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

De acordo co informe emitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre en data 22.04.2026, reproducido no apartado IV desta proposta, o canon a aboar polo concesionario será:

- Canon unitario = $(437,60 + 23.078,04) / 1.927,65 \text{ m}^2 = \mathbf{12,20 \text{ €/m}^2 \text{ e ano}}$
- Canon total anual = $12,20 \text{ €/m}^2 \times 1.927,65 \text{ m}^2 = \mathbf{23.515,64 \text{ €}}$

9. O expediente tramitouse de conformidade co establecido no artigo 152 do RXC.

10. Ao tratarse dunha concesión destinada a unha ocupación accesoria e instrumental respecto dunha actividade situada fóra do dominio público marítimo-terrestre, considérase que non resulta necesaria a tramitación dun procedemento



de concorrencia competitiva por non constituír un aproveitamento autónomo do dominio público marítimo-terrestre.

VI. RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede, e da proposta do Servizo do Litoral de Lugo,

RESOLVO

PRIMEIRO.- OUTORGAR a ALÚMINA ESPAÑOLA S.A. a concesión de ocupación de mil novecentos vinte e sete con trinta e cinco metros cadrados (1.927,65 m²) de dominio público marítimo-terrestre, con destino a emisario submarino para evacuación das augas residuais procedentes do complexo industrial de Alcoa en San Cibrao, no termo municipal de Cervo (Lugo), por un prazo de quince (15) anos, prorrogable por prazos de igual ou de inferior duración, ata un prazo máximo de trinta (30) anos, de acordo coas condicións e prescricións fixadas nesta resolución e nos seus anexos.

SEGUNDO.- NOTIFICAR esta resolución ao interesado, indicándolle que a mesma non pon fin á vía administrativa, e que cabe interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula María Uría Traba



CONDICIÓNS XERAIS DA CONCESIÓN

Disposicións xerais

1ª. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), e no Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares, (CP) de acordo co indicado no artigo 135.4.c do RXC. O seu cómputo iníciase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 de antecedentes desta proposta coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exixe ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fóra dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito imposto, actualmente vixente, e a entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.



Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao cinco por cento (5%) do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos, e no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas, a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Unha vez aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canons, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do RXC e deberá entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

Replanteo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do replanteo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle, correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:



- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario dará comezo ás obras e as terminará dentro dos prazos que se sinalan nas condicións particulares.

14ª. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fóra do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da LC, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o dez por cento (10%) do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a



levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo que se lle sinale.

Recoñecemento das obras

19ª. Unha vez terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de reformulo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e os planos de recoñecemento final das obras. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.

22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.

23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinale polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente,



aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruírase o expediente de caducidade da mesma.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Se durante a vixencia da concesión se advertise a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.

Transferencia

27ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de costas.

Outras disposicións

28ª. O concesionario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se diten, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente as correspondentes á ordenación do dominio marítimo, e á Lei de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.

Rescate

29ª. A Administración Xeral do Estado se resérvase a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.

Revogación

30ª. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.



Vencemento do prazo concesional

31ª. Cando por vencemento do prazo concesional se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

32ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización ningunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña o mesmo, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, proceda ao seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine.

Levantarase a correspondente acta de recepción en presenza do concesionario, se comparecese.

Procedemento sancionador, caducidade e constrinximento

33ª. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción contemplada na LC, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.

Así mesmo, o devandito incumprimento poderá ser causa de caducidade da concesión, especialmente, cando existan reiteradas infraccións dunha ou varias condicións.

34ª. A declaración de caducidade suporá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolveran, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha.

A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.



35ª. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene, en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos, así como dos danos e prexuízos, a cargo do concesionario.

36ª. Se, en virtude das actuacións practicadas, o concesionario tivera que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento, seguirase o procedemento de constrinximento correspondente.



CONDICIÓN PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓN

1. Condición particulares

1ª. Esta concesión outórgase por un prazo de quince (15) anos, prorrogable por prazos de igual ou de inferior duración, ata un prazo máximo de trinta (30) anos, de acordo co establecido nos artigos 117.1.a) e 135 do RXC. O seu cómputo iniciárase o día seguinte da data de notificación da resolución de outorgamento da concesión ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

2ª. As obras que se autorizan son as incluídas no proxecto as-built "Emisario submarino de las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)", suscrito en setembro de 2018 polo enxeñeiro Manuel Quintana López.

3ª. De acordo co informe emitido o 22.04.2026 pola Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o canon a aboar polo concesionario será o seguinte:

- Canon unitario = $(437,60 + 23.078,04) / 1.927,65 \text{ m}^2 = \mathbf{12,20 \text{ €/m}^2 \text{ e ano}}$
- Canon total anual = $12,20 \text{ €/m}^2 \times 1.927,65 \text{ m}^2 = \mathbf{23.515,64 \text{ €}}$

2. Prescripcións

A. Deberá quedar garantida, en todo caso, a servidume de tránsito que contempla a lexislación de costas, adecuando os medios necesarios para manter a mesma.

B. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos organismos oficiais que informaron o proxecto e o que establece a Autorización Ambiental Integrada. Considéranse incluídas nas presentes prescripcións as condicións establecidas polos seguintes organismos que informaron o proxecto:

B.1. Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo-Terrestre (22.04.2026):

"En consecuencia,

ESTA DIRECCIÓN GENERAL, POR DELEGACIÓN DE LA MINISTRA, HA RESUELTO:

Informar favorablemente la solicitud de concesión la empresa Alúmina Española S.A. de legalización de ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino a emisario submarino para evacuación de las aguas residuales procedentes del complejo industrial Alúmina-Aluminio en San Ciprián, en el término municipal de Cervo (Lugo), de acuerdo con las siguientes condiciones:

1) Las obras que se regularizan son las incluidas "Emisario submarino de las instalaciones de Alcoa en San Ciprián (Lugo)" que se encuentra en funcionamiento, suscrito en septiembre de 2018 por el Ingeniero D. Manuel Quintana López.





2) El plazo máximo por el que se podría otorgar la concesión es de treinta (30) años. Se considera apropiado que se otorgue la concesión por quince (15) años, prorrogables hasta el máximo de treinta (30) años, siempre que permanezcan las razones de interés público que motivaron su otorgamiento. El plazo comenzará a contar el día siguiente a la notificación al concesionario de la Resolución de otorgamiento.

3) El concesionario deberá cumplir lo señalado por los Organismos Oficiales que han informado el proyecto y lo que, en su caso, establezca la tramitación ambiental, en particular las condiciones indicadas en los informes emitidos por la Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina de este Ministerio.

4) Establecer en 12,20 €/m² y año el canon de ocupación de dominio público marítimo-terrestre de la por las que podría autorizarse la concesión de 1.927,65 m² de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, con destino a emisario submarino para evacuación de las aguas residuales procedentes del complejo industrial Alúmina-Aluminio en San Ciprián, en el término municipal de Cervo (Lugo).

El titular de la concesión abonará en el Tesoro Público, por semestres adelantados, el importe correspondiente al nuevo canon, debiendo presentar los correspondientes justificantes de pago, en el Servicio Provincial de Costas en Lugo.

El canon se revisará periódicamente en la medida en que aumente o disminuya el valor de los sumandos que sirvieron para determinar su base de liquidación.

El pago de esta tasa se acomodará a lo previsto en la Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios Públicos, y disposiciones que la desarrollen.

5) El concesionario será responsable de todos los daños y perjuicios para las personas, las cosas y el medio ambiente que se puedan derivar, directa o indirectamente, de la realización de las obras o de la actividad, en la mar, en su lecho y subsuelo, y en general, en los bienes de dominio público marítimo-terrestre, debiendo presentar a estos efectos, en el plazo que se le señale, el proyecto que comprenda las obras necesarias, que deberá realizar a sus expensas a fin de reparar los daños causados.

6) El concesionario queda obligado a mantener las infraestructuras y terrenos concedidos en perfecto estado, realizando a su cargo los trabajos de conservación y mantenimiento para cumplir con tal fin."

B.2. Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña

BIO/24/270.3 (05.12.2025):

"La SGBTM considera que el estudio de repercusiones sobre la ZEPA ES0000554 aportado por el promotor justifica adecuadamente que el vertido en curso no compromete la conservación de los valores naturales presentes en la ZEPA ES0000554. Asimismo, se reconoce la calidad y el empeño de los estudios





realizados, cuya exhaustividad y solidez técnica aportan garantías sobre la viabilidad ambiental del vertido. La información obtenida en este contexto también ha sido relevante para diseñar un nuevo PVA en el que tuvieran cabida indicadores relevantes para el seguimiento del estado de conservación de los valores naturales de la ZEPA adyacentes al punto de vertido, de los cuales podrían depender diversas aves marinas objeto de conservación del espacio.

En consecuencia, la SGBTM considera que **el promotor ha cumplido satisfactoriamente con los requisitos de información planteados en los informes previos** emitidos por esta Unidad y relacionados directa o indirectamente con el vertido del emisario submarino del complejo industrial de Alcoa (ref. BIO/25/16, BIO/25/16.2, BIO/25/16.3, BIO/24/270 y BIO/24/270.2). No obstante, se recuerda al promotor la necesidad de dar cumplimiento al resto de requerimientos planteados en los informes BIO/25/16 y BIO/24/270.2.

Todas las comunicaciones, gestiones o remisión de documentación relacionada con este informe deberán ser remitidas a través de registro a la SGBTM, indicando el número de referencia del expediente (**BIO/24/270.3**), para garantizar la trazabilidad y gestión eficiente de la información.”

BIO/24/270.2 (03.03.2025):

“Tras el análisis de la información trasladada por el promotor, la SGBTM considera que el emisario submarino para la evacuación de aguas residuales industriales del complejo industrial de Alcoa en el T.M. de San Ciprián no tendrá una afección significativa sobre los valores naturales de la ZEPA ES0000554 ‘Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental’, siempre y cuando se cumplan las siguientes condiciones:

1. El promotor deberá preparar y dar traslado a la SGBTM, con la mayor celeridad posible, la siguiente información:

a. **Un estudio de repercusiones sobre la ZEPA ES0000554 ‘Corredor migratorio galaicocantábrico occidental’**, que deberá incluir una valoración de las posibles consecuencias del emisario y su vertido sobre las aves, prestando especial atención a la posible afección a las comunidades marinas compatibles con el THIC 1170 próximas al punto de vertido, en tanto que estas comunidades pueden actuar como fuente de alimento para las aves de la ZEPA.

Si bien será conveniente aprovechar la información obtenida en el marco de otros trabajos (p. ej., la prospección bionómica, modelización del vertido), este estudio no precisa de trabajos de campo, sino de una recopilación de los valores naturales objeto de conservación de la ZEPA (las aves marinas) y los hábitats que les sirven de sustento, que servirán de base para realizar un análisis sobre los posibles mecanismos de afección del emisario y el vertido, así como de las medidas necesarias para prevenir o minimizar el impacto que estos pudieran tener. El alcance de este trabajo de análisis no





debe abarcar toda la ZEPA, sino el área de influencia del proyecto, dado que es donde podrían tener lugar sus afecciones.

*b. Una **modelización de la dispersión de la pluma del vertido** en el entorno para diferentes escenarios de hidrodinamismo, especialmente los más habituales y los más desfavorables para la dispersión. Esta modelización servirá para establecer el área de estudio del estudio bionómico referido a continuación.*

*c. Una **propuesta de estudio bionómico** en la zona de influencia del punto de vertido de las aguas residuales industriales, que permitirá caracterizar la distribución de las diferentes comunidades marinas presentes en la zona y su estado de conservación, a fin de que sirva de información de referencia para su posterior seguimiento en las estaciones de estudio que se establezcan. El área de estudio abarcará toda la superficie que la modelización de la dispersión del vertido refleje necesaria para alcanzar una dilución significativa de los componentes del vertido o, en su defecto, un área de 500 m de radio en torno al punto de vertido, según lo dispuesto en el artículo 88 del Reglamento General de Costas. Este estudio bionómico deberá contar con el visto bueno de la SGBTM.*

*d. Una **propuesta de seguimiento del estado ecológico de las comunidades marinas detectadas en el entorno del punto de vertido tras la realización del estudio bionómico** (principalmente aquellas asociadas al THIC 1170). Para ello, se deberán seguir las siguientes indicaciones:*

i. El seguimiento se realizará con una frecuencia mínima anual y siempre en el mismo periodo del año, eligiendo para ello la estación más favorable para detectar posibles alteraciones de las comunidades objetivo en función de sus ciclos biológicos.

ii. Se deberán utilizar índices multiparamétricos apropiados para la evaluación de las comunidades existentes.

iii. Para el seguimiento se establecerán al menos tres estaciones de estudio (según la información obtenida en el estudio bionómico inicial) en función del gradiente de influencia del vertido, establecido según los resultados de la modelización, a fin de disponer al menos de una zona de influencia máxima, una zona de influencia intermedia-baja y una zona control y de referencia. En todo caso, se intentará que las condiciones ambientales de las tres estaciones sean similares en cuanto a su profundidad, pendiente, corrientes, tipo de sedimento, etc. a fin de que sean comparables entre sí. En cada estación se deben realizar las comprobaciones por triplicado. Además, en el caso de que ya existan estaciones de estudio utilizadas anteriormente, se intentará en la medida de lo posible

iv. Se deberá dar traslado de este seguimiento a la SGBTM a través de informes anuales, donde se reflejen tanto los resultados de la última inspección como su evaluación según el histórico de resultados.





e. Los **informes previos de las actuaciones de seguimiento del estado estructural del emisario** y de sus últimas reparaciones (incluyendo fecha, lugar y descripción de las actuaciones).

f. Los **informes previos de las actuaciones de seguimiento de la calidad de la masa de agua receptora** y de cualquier otro elemento del medio marino, como los sedimentos o los organismos, así como el **plan de vigilancia** establecido para su seguimiento.

2. La SGBTM recuerda que cualquier modificación significativa en la estructura o el funcionamiento de las instalaciones, tanto terrestres como marinas, que pueda tener consecuencias sobre las características del efluente vertido al medio marino (en volumen, composición o ubicación) deberá ser informado a esta Unidad a fin de se valoren sus posibles afecciones sobre la biodiversidad marina y establecer las medidas de protección necesarias para su prevención, mitigación, corrección y seguimiento.

3. Se deberá mantener un control minucioso del volumen y la composición del efluente, caracterizado a través de los parámetros analíticos relevantes del vertido según lo establecido en la autorización de vertidos emitida por la autoridad competente bajo las condiciones exigidas en dicha autorización. El efluente deberá ser analizado como mínimo de manera anual, así como ante cualquier cambio significativo en la actividad con potencial para modificar de manera significativa las características del efluente. Cualquier cambio sustancial o desviación de los límites establecidos deberá ser evaluada y controlada a través de las medidas correctoras pertinentes, cuya eficacia deberá ser comprobada analíticamente tras un periodo de tiempo suficiente para su funcionamiento. Esto no exime de realizar aquellas actuaciones exigidas por la autoridad competente en materia de vertidos a DPMT desde tierra.

4. Se deberá realizar un seguimiento de la calidad de la masa de agua receptora que permita la detección temprana de situaciones con capacidad de causar afección sobre los valores del medio marino. La detección de valores de tal magnitud deberá dar lugar a la paralización de las actuaciones y al desarrollo de las medidas preventivas y correctivas necesarias que eviten su repetición y reviertan la situación. Se deberá establecer un número suficiente de estaciones de muestreo cuyo número y ubicación resulte representativo y permita asociar los valores medidos con el vertido.

5. Los informes y análisis fruto de los controles relativos a las características del vertido y su posible afección a las masas de agua y las comunidades marinas deberán ser remitidos a la SGBTM con una frecuencia anual. No obstante, en el caso de que tenga lugar una situación anómala con capacidad para causar una afección significativa sobre los valores del medio marino deberá ser informada con carácter inmediato.

6. Se recomienda con carácter preventivo desarrollar protocolos de actuación que garanticen la actuación rápida y efectiva en defensa de las aves objeto de



conservación de la ZEPA ES0000554 frente a posibles amenazas derivadas del vertido.

7. Se deberá realizar el mantenimiento y la vigilancia periódica de la conducción y de los sistemas de lastre asociados, si los hubiera, para asegurar que cada una de sus partes conserva las características adecuadas para el desempeño de su función. Se comprobará que todos los elementos instalados en mar se encuentran adecuadamente fijados y sin desenterrar (en su caso), sin indicios de desgaste o corrosión, con flotabilidad adecuada, etc., y se repondrán los daños a la mayor brevedad posible. En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 7, apartado 1, de la Orden de 13 de julio de 19935, se deberá realizar una inspección anual de todo el trazado del emisario en la que se compruebe, entre otros aspectos, la inexistencia de fugas y el buen estado y el funcionamiento de las bocas difusoras, si las hubiera.

8. Se deberá dar traslado a la SGTBM de cualquier incidencia relacionada con los valores naturales de la ZEPA ES0000554 'Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental'.

Toda la información solicitada deberá ser trasladada a la SGBTM en formatos compatibles con los programas de sistemas de información geográfica (SIG) de uso habitual (p. ej., shape, geopackage), donde se puedan visualizar apropiadamente los resultados obtenidos."

B.3. Capitanía Marítima de Burela (26.07.2024):

"En cuanto a la ejecución del proyecto del asunto, en su parte marítima, se deberán cumplir las condiciones siguientes:

(...)

III.- A LA FINALIZACIÓN DE LOS TRABAJOS

A la finalización de los trabajos se informará de ello a la dirección de la Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao, y a su servicio de practica, al Centro de Coordinación de Salvamento de Finisterre y al Instituto Hidrográfico de la Marina para cancelación de los radioavisos y Avisos a los Navegantes emitidos, y se remitirá al Instituto Hidrográfico de la Marina un plano, con coordenadas geográficas, en el que se contemplen las variaciones causadas y donde se contemple la disposición final del emisario, para que se efectúen las correcciones de las correspondientes cartas náuticas que sean oportunas. "

C. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención das licenzas, permisos e autorizacións legalmente procedentes.

D. Advírtese expresamente que a zona sobre a que se sitúan as instalacións é inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do



devandito emprazamento e da súa proximidade ao mar, debendo establecer as medidas de seguridade e vixilancia oportunas. Igualmente, será responsable de todos os danos e prexuízos a bens e persoas que se produzan en períodos de grandes avenidas, sendo responsable en ese tipo de situacións, de restrinxir o acceso dos usuarios á zona.

E. En relación coa explotación das obras, deberase ter en conta o seguinte:

En relación coa realización das obras, deberase ter en conta o seguinte:

1. Realizada a instalación e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e mesmo ao seu desmonte e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.
2. Tanto a explotación como o proceso construtivo deberanse levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto ambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que respecto diso se diten polos órganos competentes.
3. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, na mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.
4. O concesionario deberá conservar as obras en bo estado e repara os danos que se produzan como consecuencia da ondada ou outros.

F. O incumprimento de calquera das anteriores prescricións ou os casos indicados no artigo 79 da LC darán lugar á caducidade da concesión con independencia da tramitación do expediente sancionador que corresponda.

G. Con carácter xeral, todas as instalacións e conducións que están sen servizo ou queden fóra do uso como consecuencia das obras, así como aquelas que carezan do correspondente título concesional deberán retirarse do dominio público marítimo-terrestre por parte do concesionario as súas expensas.



